



Convocatoria para a elección de xuíz de paz substituto

De conformidade co previsto nos artigos 101.4 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial e polo acordo pola Sala de Goberno do Tribunal de Xustiza de Galicia o día **12 de xuño de 2020**, convócase eleccións para os cargos de **xuíz de paz substituto** do municipio de Tordoia.

Requisitos dos aspirantes.

Poderán participar na presente selección as persoas que reúnan os requisitos seguintes:

- a) Ser español.
- b) Ser maior de idade.
- c) Non estar incurso en algunhas das causas de incapacidade establecidas no artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Segundo dito artigo estarán incapacitados para o exercicio do cargo de xuíz de paz:

- Os impedidos física ou psiquicamente para a función xudicial.
- Os condenados por delito doloso mentres non obteñan a rehabilitación.
- Os procesados ou inculpados por delito doloso, en tanto non sexan absoltos ou se dicte auto de sobresemento.
- Os que non estean non pleno exercicio dos seus dereitos civís.

Solicitudes.

As solicitudes presentaranse no prazo de QUINCE días soltos a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia. Á solicitude xuntarase a documentación seguinte:

- a) Certificado de nacemento ou fotocopia autenticada do DNI
- b) Certificado do Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria de non estar inculpado ou procesado, conforme á Lei 68/1980.
- c) Xustificación dos méritos que alegue o solicitante.

Elección e nomeamento.

A elección de xuíz de paz substituto será efectuada polo pleno do Concello de Tordoia mediante acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros, entre as persoas que reunindo os requisitos, o solicitasen.

Se non houberse solicitudes, o pleno elixirá libremente.

O candidato proposto polo Concello será nomeado xuíz de paz pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza por un período de catro anos.

En Tordoia a 7 de Agosto de 2020.

O Alcalde,

Asdo.: Eduardo Antonio Pereiro Liñares